

### SEMANA 3:

Seguimos co traballo dos hábitos, rutinas e tarefas sinaladas nas semana 1 e 2.

Non esquezades a importancia de seguir traballando o esquema corporal, a escritura e recoñecemento do seu nome e de recortar coas tesoiras de maneira correcta.

Como no terceiro trimestre imos traballar “A Horta” queremos que os nenos experimenten nas súas casas. Faremos a seguinte actividade:

#### **“Xerminación dunha faba, lentellas,... en algodón”.**

Para facer este sinxelo experimento cos/coas nenos/nenas so precisamos unhas fabas, lentellas..., un bote de cristal, un pouco de algodón e auga. O divertido de facelo así é que eles/elas poderán ir vendo como evoluciona a semente desde ao principio ata o final grazas a que o recipiente é transparente.

Os pasos son os seguintes:

1. Humedeceremos o algodón e porémolo dentro do recipiente de cristal.
2. Colocaremos sobre o algodón mollado as sementes.
3. Iremos observando o que acontece nun par de días. As sementes teñen que inchar.
4. Hai que recordar que o algodón ten que estar sempre húmido.
5. Si as sementes medran moito podeades plantalas nunha maceta con terra e así poden coidalas eles/elas.

De todos estes pasos podeades ir sacando fotografías co móbil para que eles/elas vaian vendo dita xerminación.



Un saúdo. As titoras de 4º de Infantil